



En relación coa solicitude de conversión de consorcio a convenio do monte veciñal en man común “De Baldemir” integrado por 102 ha procedentes 19 ha do consorcio “Serra de Lobeiro e Cabreira” OR-2025 e 83 ha do consorcio “Serra de Lobeiro e Cabreira” OR-3127, da pertenza dos veciños De Baldemir, Concello de Lobeira (Ourense), presentada o 5 de novembro de 2008 conforme ao acordo da Asemblea xeral extraordinaria da Comunidade celebrada en data 20 de xuño de 2008, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º- Que o 10 de novembro de 1975 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da provincia de Ourense, tomou o acordo de clasificar como veciñal en man común o monte denominado “De Baldemir”, da pertenza dos veciños de Baldemir no concello de Lobeira da provincia de Ourense.

2º- Que o consorcio “Serra de Lobeiro e Cabreira” OR-2025 foi realizado a través da Excm. Deputación Provincial de Ourense no ano 1950. Posúe na actualidade, logo de unha segregación, unha superficie de 157 has, das que 19 has pertencen a comunidade de veciños de Baldemir no concello de Lobeira.

3.- Que o consorcio “Serra de Lobeiro e Cabreira” OR-3127, foi realizado directamente polo Patrimonio Forestal do Estado con data 25 de outubro de 1965. Posúe na actualidade, logo de dúas segregacións, unha superficie de 1.082 has, das que 83 has pertencen a comunidade de veciños de Baldemir no concello de Lobeira.

4º.- Que o convenio que se propón quedaría integrado por 102 ha procedentes 19 ha do consorcio OR-2025 e 83 ha do consorcio OR-3127.

5º.- Que segundo as bases do convenio polo que se pretende transformar parte dos consorcios OR-2025 e OR-3127 a Consellaría aportaría a esta modificación de contrato a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizarase en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

6º.- Que a duración do presente convenio asinarase por un período de 70 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

7º- Que segundo as contas dos consorcios o monte “De Baldemir” ten un saldo de 3532,48 €, a favor da Xunta de Galicia.



**Informado favorablemente
pola Asoría Xurídica.**

Santiago, 05.02.09

Pablo Figueroa Dorrego



Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Monte de Baldemir"
Número de elenco: 321-55280
Superficie: 102 ha.
Pertenza: Comunidade de veciños de Baldemir.
Termo municipal: Lobeira
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo: 70%
Participación da Consellería no voo: 30%
Saldo inicial do convenio: **3.532,48 € a favor da Xunta de Galicia**

2.- Que no sucesivo o consorcio "Serra de Lobeiro e Cabreira" OR-2025, teña as seguintes características:

Nome: "Serra de Lobeiro e Cabreira"
Número de elenco: OR-2025
Superficie: 138 ha
Pertenza: Comunidade de veciños de "A Canle" (76 ha), "Sabariz" (30 ha),
"Torreiros" (14 ha) e "Vilariño" (18 ha).
Concello: Lobeira.
A restar da súa conta de gastos: 1.605,42 €
A restar da súa conta de ingresos: 18,10 €.

3.- Que no sucesivo o consorcio "Serra de Lobeiro e Cabreira" OR-3127, teña as seguintes características:

Nome: Serra de Lobeiro e Cabreira
Número de elenco: OR-3127
Superficie: 999 ha
Pertenza: Comunidade de veciños de "A Fraga" (360 ha), "A Canle" (72 ha),
"Sabariz" (61 ha), "Torreiros" (58 ha), "Vilariño" (146 ha),
"Parada" (80 ha) e "Parada e Taboazas" (222 ha).
Concello: Lobeira.
A restar da súa conta de gastos: 592,53 €
A restar da súa conta de ingresos: 0 €

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2009

O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais



Alberte Blanco Casal



*Informado favorablemente
pola Asoría Xurídica.*

Santiago, 05.02.09

Pablo Figueroa Dorrego



ASUNTO : PROPOSTA DE ACORDO DE CONVERSIÓN DO ACTUAL CONSORCIO A CONVENIO DO MONTE VECIÑAL EN MÁN COMÚN "DE BALDEMIR", DA PERTENZA DOS VECIÑOS DE BALDEMIR, CONCELLO DE LOBEIRA (OURENSE).

Vista a proposta de referencia formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais con data do 27 de xaneiro de 2009, acreditado no expediente a calificación no seu día do monte " de Baldemir " como Monte Veciñal en Mán Común, a súa superficie e lindeiros; visto o acordo, de data do 20 de xuño de 2008, da Asamblea da comunidade propietaria do mesmo polo que se expresa a vontade de acceder á modificación que se propón; e o texto do convenio a suscribir; vista a Disposición Adicional Primeira da Lei 43 / 2003, do 21 de novembro, de Montes, e a Disposición Adicional Segunda da Lei de Galicia 13 /1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Mán Común; esta Asesoría Xurídica, non encontrando obstáculo xurídico formal que o impida, **informaa favorablemente.**

Devólvense, **visados de conformidade**, o texto da proposta de acordo e do texto do convenio de referencia.



Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2009.

O Letrado Asesor

Asdo. Pablo Figueroa Dorrego

**SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS.
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL. SAN LÁZARO. SANTIAGO DE C.**

Recibido: 9/2/09



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

1.- Aprobar o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Monte de Baldemir"
Número de elenco: 321-55280
Superficie: 102 ha.
Pertenza: Comunidade de veciños de Baldemir.
Termo municipal: Lobeira
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo: 70%
Participación da Consellería no voo: 30%
Saldo inicial do convenio: **3.532,48 € a favor da Xunta de Galicia**

2.- Que no sucesivo o consorcio "Serra de Lobeiro e Cabreira" OR-2025, teña as seguintes características:

Nome: "Serra de Lobeiro e Cabreira"
Número de elenco: OR-2025
Superficie: 138 ha
Pertenza: Comunidade de veciños de "A Canle" (76 ha), "Sabariz" (30 ha),
"Torreiros" (14 ha) e "Vilariño" (18 ha).
Concello: Lobeira.
A restar da súa conta de gastos: 1.605,42 €
A restar da súa conta de ingresos: 18,10 €.



3.- Que no sucesivo o consorcio "Serra de Lobeiro e Cabreira" OR-3127, teña as seguintes características:

Nome: Serra de Lobeiro e Cabreira

Número de elenco: OR-3127

Superficie: 999 ha

Pertenza: Comunidade de veciños de "A Fraga" (360 ha), "A Canle" (72 ha),
"Sabariz" (61 ha), "Torneiros" (58 ha), "Vilariño" (146 ha),
"Parada" (80 ha) e "Parada e Taboazas" (222 ha).

Concello: Lobeira.

A restar da súa conta de gastos: 592,53 €

A restar da súa conta de ingresos: 0 €

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2009

O CONSELLEIRO



Alfredo Suárez Canal



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo - San Lázaro - SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVENIO

N.º	321	55280
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a.....de.....de dous mil.....

REUNIDOS

Dunha banda, D. Alfredo Suárez Canal....., Conselleiro do Medio Rural, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. J. Manuel Silva Domínguez..... como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Baldemir....., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ao abeiro do previsto na Lei 13/89, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei 5/1977 de fomento da produción forestal, modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia, e sempre e cando non se contradiga a Lei 43/2003 do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1950 (OR - 2025) e 1965 (OR - 3127) para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Veciños de Baldemir.....

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Monte de Baldemir.....

Termo municipal: Lobeira..... Provincia Ourense.....

C.M.V.M.C. - 2

Informado favorablemente
pola Asoría Xurídica.
Santiago, 05-04-07
D. Pablo Figueroa Dorrego



Situación administrativa e legal M.V.M.C. por resolución de 10 - 11 - 1975

Límites:

N.: M.V.M.C. de A Canle

S.: M.V.M.C. de Sabariz (321/55281)

L.: Fincas particulares

O.: M.V.M.C. de Parada, A Fraga e Vilariño (321/55265) e M.V.M.C. de Sabariz (321/55281)

Superficie: 102 ha

Estado forestal: P. sylvestris e P. pinaster de distintas idades como especies principais

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: a totalidade do existente

Sen vexetación arbórea: Servidumes: As usuais de paso

3ª.- O chan continuará pertencendo a á comunidade de veciños de Baldemir

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería do Medio Rural aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería do Medio Rural, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR - 2025 (19 ha) e OR - 3127 (83 ha)



Informado favorablemente
pola Asoría Xurídica.

Santiago, 05.02.02

Pablo Figueraa Dorte

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural .

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o _____ 30 _____ por cento será para a Consellería do Medio Rural , e o _____ 70 _____ por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería do Medio Rural recibirá o _____ por cento, e a comunidade propietaria, o _____ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería do Medio Rural excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería do Medio Rural procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería do Medio Rural , figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería do Medio Rural asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de _____ 70 _____ anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería do Medio Rural , coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular. do Medio Rural

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería do Medio Rural se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do Medio Rural do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería do Medio Rural , se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris e P. pinaster como especies principais

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería do Medio Rural interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.



Informado e autorizado
pola Asoría Xurídica.
Santiago, 05.02.09
Pablo Figueroa Dorrego

Don Luís Miguel Segovia García, encargado
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade
propietaria do monte veciñal en man común de Baldemir

2.—Que, así mesmo, figura Don J. Manuel Silva Domínguez, e
Don Gumersindo Vázquez Vázquez, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, deica 09-06-2009

E para que conste, expido a presente certificación Ourense
a 10 de decembro de 2008.



Don Gumersindo Vázquez Vázquez, Secretario
da comunidade de veciños de Baldemir

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta
comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o
día 20-06-2008 estando designado

Don J. Manuel Silva Domínguez
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense.

a 18 de Decembro de 2008.



Informado favorablemente
pola Asoría Xurídica.

Santiago, 05.02.09

Pablo Figueroa Dorrego

Visto e prace,

O presidente

Asdo. : J. Manuel Silva Domínguez

O SECRETARIO,

Asdo. : Gumersindo Vázquez Vázquez

Don Alberte Blanco Casal, Director
Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dá a súa con-
formidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Asdo.: J. Manuel Silva Domínguez



Pola Consellería do Medio Rural

